



2020

RICARDO
CARVALHO
CALEROLETRA
GALEGA

Completa o texto

Ricardo Carvalho Calero naceu en _____ o 30 de outubro de 1910. Era o fillo maior de M.^a Dolores e Gabriel Ricardo. Os seus primeiros estudos foron nun colexio da rúa Madalena e despois no Colexio Sagrado Corazón de Xesús, dirixido polo escritor Manuel Comellas; fixo o bacharelato por libre e trasladouse a _____ a estudar na súa universidade. Foi un gran defensor do idioma galego e membro do _____ de Estudos Galegos onde coñeceu a Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas... Traballou en moitas revistas galegas: A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Resol, Universitarios, Papel de Color... En 1965 incorporouse ao



Instituto Rosalía de Castro de Santiago e, como profesor contratado, á universidade compostelá da que se converteu no seu primeiro _____ de Lingüística e Literatura Galega. É autor da Gramática elemental del gallego común e de obras de teatro, poesía, novela e moitos estudos sobre a lingua e a literatura galega. Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua _____. Faleceu en Compostela no ano 1990.

Na capital de Galicia non todo o seu tempo estivo ocupado polos libros. Tamén tivo inquietanzas e ansias de mellorar a sociedade. Por iso, formou parte de asociacións de estudantes que demandaban liberdades democráticas e que se opoñían á ditadura do xeneral Primo de Rivera.



Unha _____ é unha forma de goberno na que unha persoa ou un pequeno grupo de persoas concentran todos os poderes e recortan os dereitos e liberdades do conxunto da sociedade.

O verán de _____ marcará un antes e un despois na historia española, tamén na do noso protagonista. Parte do exército sublévase contra o goberno elixido democraticamente e desata unha _____.

Ricardo Carvalho Calero, que se atopa en Madrid preparándose para se converter en profesor de instituto, mantense fiel ao bando _____ e alistase como miliciano. En 1939 o bando republicano perdeu a guerra, e Carvalho Calero, coma milleiros de combatentes, entrou na _____. Durante dous anos estivo recluído en _____.



Moitas das palabras que empregamos no noso día a día proceden do latín. Cal destes personaxes crees que trouxo este idioma ata Galicia?



Á beira do poema podes ver un pardal, un papanoiño e unha lavandeira. Serás quen de dicirnos cal se pousou na póla?

*Non llo preguntarei, non, aos pardais
nin á cachorra, nin ao paporrubio
non llo preguntarei á lavandeira
que decote uns, outros de cando en cando,
ao meu terrazo acoden, comer
as miúdas migallas que lles boto.*



Reticências (1990)



QUE DIN OS RUMOROSOS?
NA COSTA VERDECENTE
AO RAO TRANSPARENTE
DO PRADO LUAR?

1

ADIÓS RIOS, ADIÓS FONTES,
ADIÓS REGATOS PEQUENOS,
ADIÓS VISTA DOS MEUS OLLOS
NON SEI CANDO NOS VEREMOS.

2

AI VÉN O MAIO
DE FLORES CUBERTO...
PUXÉRONSE Á PORTA
CANTÁNDOME OS NENOS

3

Completa

Ricardo Carvalho Calero é tamén autor da primeira novela en galego editada na posguerra: **A xente da _____**. Escribiuna pouco despois de saír da cadea. En 1963, tras dez anos de intenso traballo e investigación, publica a _____ da literatura galega.

Une cada estrofa co seu autor/a

Hai tres autores que gozan dun espazo especialmente destacado na Historia da literatura de Carvalho Calero: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez.



Completa esta parte do relato "As pitas baixo a choiva"

No curro pasaba unha gran parte do meu tempo ollando para as _____ . Víaas _____ na terra, en procura de vermes e _____ . Botáballes o _____ . Recollía os _____ que anunciaban o seu alporizado _____ .

ovos miñocas escaravellar cacarexar millo galiñas

A NOSA É LINGUA UNIVERSAL

Vivimos nun mundo plurilingüe. Calcúlase que no noso planeta existen arredor de 7.000 idiomas, moitos deles en perigo de extinción pola falta de falantes. Cada vez que desaparece un tamén perdemos unha maneira única de interpretar o mundo.

A UNESCO decidiu instaurar un día ao ano para recordar a importancia de preservar esta extraordinaria riqueza lingüística: 021 de febreiro.



día internacional
da lingua
MATERNA

Fuentes de imaxes e textos: primavera.letras.gal e seminario.gal.org

Cres que o galego é unha lingua minoritaria

Despois de ver o vídeo: "Lingua minoritaria" busca máis información e escribe un informe sobre o estado da nosa lingua.

O galego serve para comunicarse cos millóns de persoas que falan portugués en distintas partes do planeta, tal como defendeu con paixón o noso autor. A Lei Paz Andrade, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2014, facilita que haxa centros educativos que oferten a materia de lingua portuguesa no ensino secundario.

No cole enredo eu